

انتفاضة - Intifada



Oferenda dos poetas galegos a Palestina

## CANTO A PALESTINA

*¡Meu pobo irmán expoliado!*

*Quen resiste triunfará.*

*“Xerusalén, se algún día  
eu esquenzo o teu penar,  
que un raio me fenda ao medio,  
me caia a testa no chan”.*

*Sei dos teus mozos roubados  
dos propios brazos das nais  
por soldados opulentos  
cebados no Capital.*

Bernardino Graña  
“Canto a Palestina”

*Sei dos servos e labregos  
que con coiros dos camiños,  
con fracos brazos, coas uñas,  
deféndense de Goliath.*

*Sei dos servos e labregos  
que con coiros dos camiños,  
con fracos brazos, coas uñas,  
deféndense de Goliath.*

*Sei das mozas beduínas  
crucificadas en coiros.  
Sei dos osos machacados  
e dos furados nas mans.*

**Bernardino Graña**  
**“Canto a Palestina”**

*Sei de Habis Al-Mayali,  
miseria, traidor, verdugo,  
que por trinta viles dólares  
vendeu o pobo, o seu lar.*

*Sei de Aud An-nablusi  
que no cárcere de Akka  
gravou en carbón nos muros,  
na última noite, un cantar.*

*Sei de Ráya Al-Amax de  
negro pelo fermoso  
que contestou con mil balas  
aos invasores de Ammán.*

**Bernardino Graña**  
**“Canto a Palestina”**

*Sei de Nimer Al-Adwan,  
paixón de tigre brincando  
e morrendo contra os tanques  
xunto a escola nacional.*

*E de Al-Mahmud e AbudDaud,  
e os poetas Habib Qahwayi  
e Al-Qasim e dasuqi,  
Darwix e Taufiq Fayyad.*

*¡Kafre Qasim arrasada!  
E Lidda e Irbid e  
Azzarqa...  
Sementade a vosa idea  
coma o fermento no pan.*

**Bernardino Graña**  
**“Canto a Palestina”**



*¡Pequenos esfarrapados  
poñendo en alto risoños  
dous dedos cara a esperanza  
da victoria de mañá!*

*¡Xentes de unión, de firmeza,  
ergueitas coma un trival!  
Igual que o sol resistide.  
O voso día virá.*

*¡Meu pobo irmán expoliado!  
Quen resiste triunfará.*

**Bernardino Graña**  
**“Canto a Palestina”**

***X**erusalén espera a vosa entrada,  
pobo alumado polo sufrimento  
da alma vosa adherida ó pavimento  
na dolorosa vía ensanguentada,*

***e** en Palestina amencerá a xornada  
máis fraternal, e bailarán ó vento  
mil pendóns celebrando o acabamento  
da venenosa besta abominada.*

***Sobre** da terra o que ficou da guerra,  
baixo da terra as vítimas da crúa  
testa triforme da animalla aleive,*

***e** vós daredes nova luz á terra  
mudando a cruz, o hexáculo e a lúa  
nunha estrela vermella e laica e ceibe.*

*Darío Xohán Cabana  
"Ós combatentes  
palestinos"*





*Algún deles pousou con chumbo na túa boca*

*as palabras carrexadas con amor:  
oliveira, cadelo, casa, rocha... E  
os teus ollos axiña*

*entre tebras aprenderon a  
furar nos muros inimigos.*

*Descubríche-lo teu corpo  
adolescente entre barricadas e  
suores indomables, foron horas  
celestes e terribles*

*con maus de fogo e unllas aceiradas  
rabuñando nos suburbios de Beirut.  
A noite que soñaches coa túa patria  
deixaches de ser neno Hossain.*

*Luís González Tosar  
"Para Hossain"*

***E**u te contemplo nun xornal aberto  
a miles de leguas de distancia.*

*Chégame o teu corpo,  
o teu sorriso transparente,  
ese teu brazo acantazando á Historia,  
mentres remato solitario o meu  
almorzo de pan branco e doce  
mermelada.*

*Pecho estes ollos  
para acurtar estrelas  
aquí moi lonxe,  
cando lle arde a pel toda á miña terra,  
e son un neno contigo Hossain.*

*Si, dous nenos armados con xoguetes  
tiznados de cinza e de voallas.*

*Luís González Tosar  
"Para Hossain"*

*P*uiden vencer aquela vez a morte,  
cando o ceu se abateu sobre nós en forma de metralla  
e o cheiro animal do sangue  
ocultou para sempre o dos limoeiros na casa dos meus  
pais.

*O* ceu aproximou-se até eu o tocar cos  
dedos e estaba vivo e quente como o ventre  
das feras, pero era enxofre e mancava os  
calcañares  
con arestas e cal.

*Despois* houvo un silencio entre os meus sete  
anos aquel pátio onde á tarde brincava  
perseguindo os insectos.

**Pilar Pallarés**  
(Neno palestino con gato  
despois do bombardeo)

*Sorrin cando me fotografou co meu gato Kamal entre os  
escombros*

*un dos homes franceses,  
sorrin e avancei altivo como os guerreiros e os profetas  
porque as cancións da avoa din que a pátria está perto  
e a vitória non tarda.*

*Resistin aquela morte e outras mortes*

*e non ollei atrás  
e cando os nosos soldados saíron expulsos da cidade,  
dei-me presa en medrar  
e fun soldado  
e erguin contra Israel o brazo e a razón,  
o peso dos meus soños  
e unha patria a cumprir-se.*

**Pilar Pallarés**  
(Neno palestino con gato  
despois do bombardeo)

*As provenzas do mundo volverán a chorar*

*Por ti se morres triste, Palestina,  
Se non deixan facer cara ás rexións do aire,  
Se acenden os ferrollos de íntimas casas brancas;  
Se as deixan dirixirse ás abismos do pranto,  
Cegas, innumerables, sometidas.*

*Porque as casas e o sangue necesitan a terra,  
Necesitan abrirse ou camiñar a modo sobre os días,  
Necesitan ser puras, descalzarse ou espirse  
Para soñar coa nube, co voo, co seu amparo leve.*

*Se te deixan caer sobre os ósos do tempo,  
Sobre as mortas ruínas, sobre as pedras,*

**Ramiro Fonte**  
"As provenzas do mundo  
volverán a chorar"

*Volverán a facerse un pouco inútiles*

*Tódalas rosas brancas, o loureiro*

*O meu país sen nome, e o meu país terrible,*

*Non saberemos máis como mira-lo Sur,*

*E as Provenzas do mundo*

*Morrerán outra volta*

*Para poder chorarte.*

*E nós seremos*

*Aínda máis o estranxeiro*

*Que, na noite sagrada,*

*Busca unha terra limpa.*

*Se non alcanza nada, cando menos*

*Dirá que sabe o nome das patrias que perdeu;*

*Soñará cun país que soña o mar.*

*Será testigo.*

**Ramiro Fonte**  
**“As provenzas do mundo  
volverán a chorar”**



*Sen río e da auga mortificada pola seca  
pés negros de sendeiros varnizados de po e vento e  
milleiros de pedazos de pallas dun centeo que non comes  
onde os máis vellos e os máis vellos cós máis vellos  
nomadearon facendo súa cada terra que era terra que non  
tiñan por ti que agora careces da mesma terra que medra  
é increíble mesmo se mantén a casa que habitas derrubada  
de sombras inexistentes no sol de poeira que percibes  
recíbe-las pedras como herdo magnífico  
embotélla-lo animal que os fusís xa levan dentro  
míranos occidentais apodrecidos nos nosos solas de  
préstamo bancario enfía as túas pedras e  
avergónzanos mentres habilitas da túa infancia unha  
adolescencia rodeada de mortos máis vivos  
cás nosas historias de ondulantes corredores demócratas*

*Avergónzame de ter un tempo no que escribo  
avergónzame cos teus dedos da terra que só teñen os teus ollos*

*Xela Arias,  
1989*

*Nin mel, nin dátiles, nin leite.*

*Apañá, mozo, pedras*

*do granito de Derry en Gangas.*

*Que Rentería che poña vésporas nos ollos.*

*Alí esta a svástica de David,*

*vergoña.*

*Que o deserto e os seus xenetes mortos veña no  
teu socorro, mozo.*

*Apañá pedras, fillo,*

*e quéntaas entre camisola e ventre.*

*Leve o cantazo*

*cheiro nas súas micas a árabe colérico. Non  
collas, mozo, rosas;*

*nin as escuras de Damasco nin as macias de Alexandría,  
rosas sen arrecendo.*


*Pilla pedras, adolescente de nardo que non escancia copas en  
ningunha asida.*

*Érguete, sigue, bate abáteos, insurrecto. Expulsa a  
Sión de Celanova,*

*mozo nacional popular de Palestina escrava. Nin mel,  
nin dátiles, nin leite.*

*Dispara, mozo, pedras.*

**X. L. Méndez Ferrín**  
**“Intifada”**





Cheira a fútbol nas baldosas da cidadela  
Cheira o coiro que locen os nocellos e o que desloquen os pulsos  
Cheiran as xuntas das lousas  
e cheiran as sandalias e as botas e as zapatillas  
e mesmo os pés descalzos cheiran  
Cheira a tarde a recendo de serán cando é concerto de familias  
e mentres a fin  
do verán  
semella acubillarse entre o cemento de hoxe e a pedra de onte  
os fios dos ioiós abren ortopedias para xogarmos libres  
para bailar  
para regatear  
correr andar furar  
á vez que bandadas de adultos aprenden a  
analizar conflitos  
baleirar probetas con conflitos  
cambiar cueiros conflictivos  
deseñar conflitos  
explorar resolucións a conflitos  
falar noutros idiomas sobre conflitos  
gañar conflitos  
hipotecar conflitos  
ignorar conflitos  
laiarse de conflitos  
molestar con preguntas conflictivas como se hai arañas na lúa ou non  
nomear por orde alfabética os autores de cantos libros de poemas

# CHE IRA

MONCHO IGLESIAS MÍGUEZ

o -

[...]



# *¡PO!*

## *Diario dunha viaxe a Palestina*



**Emilio Alonso**

### ***PEDRAS DE PALESTINA***

*Os palestinos apedran carros de combate sionistas  
E paréceme moi ben  
Tamén me parecería moi ben que os palestinos lanzasen mísiles contra os carros de  
combate sionistas  
Pero os palestinos non teñen mísiles  
Teñen pedras  
Só teñen as súas pedras  
As pedras da súa terra  
A súa terra aldraxada, humillada, violada, maltratada e usurpada*

*Os palestinos apedran a historia  
E paréceme moi ben  
A historia merece unha lapidación continua  
Porque a historia é unha historia abominable  
Unha historia de vencedores e vencidos  
Unha historia de conquistadores e conquistados  
Unha historia de forza que esmaga a razón  
Unha historia que nos fala da razón só nalgunhas notas a pé de páxina  
E a razón segue sendo aldraxada, humillada, violada, maltratada e usurpada*

*Os palestinos apedran a miña alma  
E paréceme moi ben  
A miña alma necesita pedradas palestinas  
A miña alma estaría morta sen a vida que provoca a dor dunha pedra palestina  
A miña alma só vive porque as pedras palestinas a seguen castigando  
A miña alma está aldraxada, humillada, violada, maltratada e usurpada porque  
os palestinos teñen que seguir tirando pedras.*

*E quero que a miña alma morra e descanse en paz  
E quero que os carros de combate sexan unha nota a pé de páxina  
E quero que a historia se escriba sen a razón das pedras palestinas*

**EMILIO ALONSO**

*Se me toca morrer,  
quero que vivas  
e contes a miña historia,  
e vendas as miñas cousas,  
e merques un corte de tea  
e unhas cordas,  
(que sexa branco, de cauda longa)  
para que en Gaza un rapaz  
mirando ao ceo á cara  
esperando polo pai morto nunha chama  
(e non se despediu, non lle deu tempo  
nin do seu corpo sequera,  
nin de si mesmo)*

**Refaat Alareer** (poeta e  
tradutor palestino falecido polas  
bombas de Israel o 7 de decembro de  
2023)  
**“Se me toca morrer”**  
(trad. de Miguel González)



*poida ver o papaventos,  
ese papaventos meu, por ti feito  
voando alto  
e poida crer por un momento  
que devolvendo amor  
alí hai un anxo  
Se me toca morrer,  
que dea esperanza,  
que sexa unha historia.*

**Refaat Alareer** (poeta e  
tradutor palestino falecido polas  
bombas de Israel o 7 de decembro de  
2023)  
**“Se me toca morrer”**  
(trad. De Miguel González)